



Xunta Directiva de Anembe

Esiximos que ningunha norma nos impida exercer coa mesma plena autonomía técnica e científica que o resto das profesións sanitarias implicadas na prescrición de medicamentos

Xunto co sector gandeiro do noso país, os veterinarios que traballamos con vacún mantivemos e demostramos un forte compromiso coa redución do uso de antimicrobianos e a loita contra as resistencias aos antibióticos, así como co uso de todas aquelas ferramentas que permitan identificar as mellores prácticas de manexo e protocolos terapéuticos, garantindo o uso racional dos medicamentos e maximizando a saúde e o benestar animal, ao tempo que aseguramos a Saúde Pública.

Os veterinarios que traballan con animais produtores de alimentos somos os profesionais veterinarios con maior experiencia no noso país en:

- **Prescrición electrónica de antibióticos**, que é obrigatoria dende a entrada en vigor, o 2 de xaneiro de 2019, do Real Decreto 191/2018, do 6 de abril, polo que se establece a transmisión electrónica de datos da receita veterinaria de antibióticos destinados a animais produtores de alimentos para consumo humano, derogado polo Real Decreto 666/2023, do 18 de xullo, polo que se regula a distribución, prescrición, dispensación e uso de medicamentos veterinarios.
- **Carga burocrática e administrativa**, derivada da aplicación do Real Decreto 992/2022, do 29 de novembro, polo que se establece o marco de actuación para un uso sostible de antibióticos en especies de interese gandeiro; do Real Decreto 364/2023, do 16 de maio, en relación coas obrigas de vixilancia do titular da explotación e co plan sanitario integral das explotacións gandeiras; e do Real Decreto 1053/2022, do 27 de decembro, relativo ao sector bovino, que obriga ao desenvolvemento e aplicación do Sistema Integral de Xestión de Explotacións (SIGE), que inclúe o Plan Sanitario Integral, o Plan de Benestar Animal, o Plan de Formación en materia de Benestar

Animal, Medio Ambiente e Manexo dos Animais, e o Plan de Xestión Ambiental. A isto debemos engadir as restricións e condicionantes de:

- efecto multiplicador negativo sobre a saúde e o benestar dos animais baixo a nosa supervisión por traballar en medicina de poboacións (grupos e rabaños) no canto de medicina individual,
 - servizo "a domicilio" no ámbito rural e en zonas despoboadas do noso país, onde a gandería é un elemento indispensable para a fixación da poboación,
 - seguridade alimentaria, relacionada cos períodos de supresión e os límites máximos de residuos en alimentos de orixe animal,
 - protección ambiental, pola presenza de residuos de medicamentos en xurros e esterco.
- **Redución do uso de antimicrobianos**, cunha diminución do 53 % entre 2020 e 2024, que non foi nin doada nin gratuíta nin para os veterinarios nin para os gandeiros, e sen contar con ningún tipo de financiamento público nin axudas para conseguilo, malia o incremento dos custos asociados a esta redución.
- Cremos que é absolutamente necesario un diálogo coa Dirección Xeral de Sanidade da Producción Agroalimentaria e Benestar Animal, co **obxectivo de modificar e flexibilizar o RD 666/2023**, do 18 de xullo, polo que se regula a distribución, prescrición, dispensación e uso de medicamentos veterinarios, e que lles **permita aos profesionais veterinarios:**

1. **Exercer a nosa profesión con plena autonomía técnica e científica**, sen poñer en risco a saúde e o benestar animal nin a saúde pública, e proporcionarles aos animais, do xeito máis rápido, o tratamento máis axeitado ás súas necesidades clínicas, nas doses precisas segundo os seus requirimentos

individuais, durante un período de tempo adecuado e ao menor custo, evitando sufrimentos e danos inútiles, e, en moitos casos, irreversibles ou irrecuperables, baseándose no criterio clínico do veterinario prescriptor e fundamentándose na evidencia científica, a experiencia clínica e a formación continuada.

2. **Eliminar todas as diferenzas inxustificables da normativa actual** respecto da existente noutros países do ámbito europeo, que discriminan os profesionais veterinarios que exercen no noso país e que, xa que logo, poñen en risco a competitividade do sector gandeiro nacional, por unha interpretación excesivamente restritiva do Regulamento 2019/6 do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de decembro de 2018, sobre medicamentos veterinarios.
3. **Cumprir coas nosas obrigas deontolóxicas con total seguridade xurídica**, garantindo que as interpretacións da norma sexan idénticas en todas as rexións de España onde o profesional veterinario desenvolva o seu labor, eliminando os procedementos burocráticos innecesarios e a carga administrativa que non achega ningunha utilidade.
4. **Reducir a presión normativa e as restricións ao criterio clínico do profesional veterinario**, posto que xa se superou o obxectivo de redución previsto para 2030, e aproveitar para realizar unha avaliación que permita unha redución do consumo de antibióticos, sempre ligada a indicadores sanitarios e produtivos, evitando diminucións que poñan en risco a saúde e o benestar animal, a competitividade do sector gandeiro nacional ou o prestixio da profesión veterinaria. ■

XXVII

CONGRESO INTERNACIONAL ANEMBE DE MEDICINA BOVINA

Vitoria del 28 al 30 de mayo de 2025



www.congresoanembe.com